

# SUPERCIENCIAS

O FUTURO É UN XOGO DE NENÁS



PROXECTO DA AECC  
#SUPERCIENCIAS



## O FUTURO É UN XOGO DE NENAS.

E ti, queres ser parte dese futuro? Xoga coa ciencia.

A AECC quere sumarse a este día para seguir despertando vocacións entre as nenas para que, xunto aos nenos, se convertan no futuro dos grandes descubrimentos e avances científicos.

11 DE FEBREIRO.

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA.

CADERNO DE ACTIVIDADES

# SUPERCIENCIAS

O FUTURO É UN XOGO DE NENÁS

A vida é ciencia e as mellores aventuras só ocorren cando se xuntan tres científicas: **Lente**, **Suma** e **Futuro**.



Pero non son as únicas, ao longo da historia viviron moitas científicas que cambiaron as nosas vidas cos seus inventos, queres saber quen son?


PROXECTO DA AECC  
#SUPERCIENCIAS



## KATHERINE JOHNSON

1918 - actualidade

Unha gran matemática que só podía ser profesora, ata que en 1953, grazas a que entraron en vigor novas leis, puido entrar na NASA e levar a humanidade á Lúa. Foi a terceira afroamericana en ser doutora en Matemáticas.



## CAROLINE HERSCHEL

1750 – 1848


Unha científica astrónoma que se converteu na primeira muller en descubrir un cometa e, ademais, conseguiu que a Royal Society publicase o seu traballo.



## MARY ANNING

1799-1847

Foi a primeia paleontóloga en identificar correctamente un esqueleto de ictosauro, un réptil mariño do Xurásico. Porén, a Sociedade Xeolóxica de Londres nunca admitiu nin recoñeceu os seus descubrimentos.



## ELIZABETH BLACKWELL

1821-1910

A primeira muller doutora en Medicina nos Estados Unidos e en todo o mundo que, en 1868, fundou a primeira universidade de Medicina para mulleres.



## MARIE CURIE

1867 – 1934

A primeira muller científica en recibir un Premio Nobel de Física por descubrir dous elementos: o radio e o polonio. Máis tarde, recibiu outro Premio Nobel de Química.



## MARGARITA SALAS

1938 – 2019


A científica española doutorada en Bioloxía que centrou as súas investigacións na Bioloxía Molecular e que, entre moitas outras contribucións, descubriu o ADN polimerase.



## FLORA DE PABLO

1952 - actualidade


Bióloga española que combinou o seu labor científico en Bioloxía Molecular coa loita polo recoñecemento do traballo das mulleres na ciencia, coa Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas.




## MAE JEMISON

1956 – actualidade


Foi a primeira muller afroamericana en viaxar ao espazo a bordo do Endeavour en 1992. Actualmente, traballa polo avance das tecnoloxías en países en desenvolvemento.



Axúdalle a Marie Curie a atopar a probeta perdida?



Colorea as SuperCencias como máis che guste!



Se foses científica, que farías para cambiar futuro?

---

---

---

---

---

---

---

